

PROGRAMA DE FORMACIÓN TRANSVERSAL PARA XOVES INVESTIGADORES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Organizan



Centro Universitario de Formación
e Innovación Educativa

Colaboran



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



"Unha maneira de facer Europa"



Campus de Elviña s/n
15071 A Coruña
+34 881 01 55 01
citic@citic-research.org

www.citic.udc.es

Preinscrición
do 10 ao 17 de
outubro en
www.udc.es/cufie

29 outubro - 25 novembro
xornada presencial obrigatoria
5 novembro 2018 de 10 a 14 horas



PROGRAMA DE FORMACIÓN
TRANSVERSAL PARA XOVES
INVESTIGADORES



PROGRAMA DE FORMACIÓN TRANSVERSAL PARA XOVES INVESTIGADORES



O fortalecemento dos recursos humanos en I+D+i é un obxectivo importante para a Unión Europea e son varias as iniciativas que a Comunidade Europea promove para a mellora da carreira investigadora, como “The EU principles for innovative doctoral training” ou “The Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R)”, selo co que contan as tres universidades galegas.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC), a través do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), presenta esta primeira edición do curso en “habilidades transversais chave”, común a todas as disciplinas, para o fomento da ciencia aberta, a innovación e o espírito empresarial entre os xoves investigadores (predoutorais e posdoutorais), coa finalidade de incrementar a súa empregabilidade en calquera ámbito e ser complementario aos coñecementos científicos e tecnolóxicos que adquirirán a través da investigación.

Esperamos e desexamos que esta oferta sexa útil e valiosa para os participantes e que cumpra a función para a que foi deseñada.



Persoas destinatarias:

A formación está dirixida a xoves investigadores (pre e posdoutorais) dos centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas consolidadas de Galicia (CITIC, CIQUS, CIMUS, ECIMAT, CINBIO, CITIUS e ATLANTTIC), e dos centros de investigación da Universidade da Coruña (CICA, CIT e CITEEC).



Modalidade:

O curso terá unha parte en modalidade en liña (8h), a través da plataforma Moodle da UDC (<https://moodle.udc.es>), e unha parte presencial (4h) no CITIC.



Prazas:

50 prazas, asegurando un mínimo de 30 para a UDC. A admisión farase por estrita orde de inscrición do **10 ao 17 de outubro** na páxina web do CUFIE; o persoal do CITIC encargárase de supervisar o reparto das prazas.



Lugar:

Parte presencial: terá lugar o día 5 de novembro de 10:00-14:00h no Edificio CITIC da UDC. A asistencia é obrigatoria.

Módulos formativos:

Todos os módulos terán unha parte online e unha parte presencial o día 5 de novembro.

MÓDULO 1:

Protección de Resultados de Investigación (parte en liña impartida por María Isabel Docampo da OTRI da UDC, e presencial por Rosario Echeverría de Clarke&Modet).

Contidos: en que consiste a propiedade industrial, modalidade de protección e características, propiedade intelectual e dereitos de autor, requisitos de patentabilidade das invencións, protección das invencións no estranxeiro, publicar vs patentar, as patentes universitarias.

MÓDULO 2:

Difusión e visibilidade dos resultados de investigación (parte en liña impartida por Carlota Balsa, Marta Lago, Mercedes Corrales, Marcos Yáñez e Isaac Darriba do Servizo de Biblioteca Universitaria da UDC, e presencial por Isabel Iribarren da Universidad de Navarra).

Contidos: criterios das axencias de acreditación e avaliación, onde publicar, elementos relevantes para aumentar a difusión dos traballos, recomendacións aos investigadores no ámbito dos dereitos de autor, a identidade dixital, normalización da sinatura, a filiación institucional, os identificadores e perfís dixitais, as redes sociais científicas.

MÓDULO 3:

A carreira investigadora en Galicia, (parte en liña impartida por Faustino Infante Roura da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia e parte presencial por María Giménez-López, ERC Starting Grant da Universidade de Santiago de Compostela USC).

Contidos: esquemas no contexto nacional e autonómico, etapas da carreira investigadora, mirando a Europa: o caso especial dos ERCs, o selo HRS4R.